

LEMBRANZAS DO “FESTIVAL DE CINE AFICIONADO DO CÍRCULO DAS ARTES”, DE LUGO

Luis Rodríguez Rodríguez

RESUMO

Trátase dunha lembranza sobre o que foi o “Festival de Cine Afeccionado do Círculo das Artes”, de Lugo, escrita por unha persoa que, con maior ou menor fortuna, participou nel desde o primeiro día, unhas veces coma membro do xurado e colaborador, e outras coma membro do xurado e director.

RESUMEN

Se trata de una rememoración sobre lo que fue el “Festival de Cine Afeccionado del Círculo de las Artes”, de Lugo, escrita por una persona que, con mayor o menor fortuna, participó en él desde el primer día, unas veces como miembro del jurado y colaborador, y otras como miembro del jurado y director.

INTRODUCCIÓN

Cando se fala da historia de Lugo dos derradeiros cen anos, parece obrigado referirse ó “Círculo de las Artes” como a institución arredor da que xirou toda a cultura da cidade, o que sendo realmente certo non é, sen embargo, toda a verdade porque ó marxe do “Círculo” houbo outros marcos que acobexaron importantes actividades. Esta sociedade soubo acoller o que Lugo tiña de máis persoal e definitorio: o seu provincianismo, un modo de entende-la vida que chega hasta mediados do século XX cando comeza a devalar en favor dun mal comprendido modernismo, que non debemos confundir con *modernidade* concepto relacionado ca globalidade do que nos fala, entre outros, Anthony Giddens. Non. O “modernismo” non é senón un costumismo pretendidamente refinado, unha cursi superación do *paletismo*.

O “Círculo” foi desde hai cen anos a entidade máis representativa da sociedade luguesa, que serviu perfectamente ás necesidades e mailos intereses recreativos e culturais da cidade, xa fosen tradicionais ou modernistas. É moi probable que en ningunha parte do mundo se dea unha simbiose tan productiva como a que estivo a darse entre

Lugo e esta entidade. Que houbo moitas sociedades como a luguesa é evidente, xa fosen “artesanais” ou “elitistas”, coma os chamados “Casinos”, pero que inda pervivan resulta moi difícil, e, se perviven, que teñan a vida da nosa imposible, porque o importante do “Círculo” non está na cultura nin no recreo, senón na “vida”, na simbiose, como dicimos, entre o lugués e maila entidade, hasta o punto que esa espléndida casa da Praza Maior orienta a vida de moitos lugueses, homes e mulleres, que soamente viven de, por e para o “Círculo”. Quen non entenda esto non pode entende-la sociedade nin a Lugo. Pero nos últimos corenta anos sempre andivo entre o querer e o non poder. Sen embargo, fixérонse grandes cousas, algunas de trascendental importancia, coma “Primera muestra de pintura gallega” na que luciu Anxel Johan, verdadeiro creador dela, apoiado por Fernández de la Vega aínda que as obras chegaran ó “Círculo” da mao de directivos, socios, simpatizantes ou mecenás; “Cen anos de Literatura Galega”, o grupo de teatro de Antonio Cillero e mais Antonio Penedo, o Festival de Cine Aficionado, exposicións personais, conferencias, todo nunha etapa -a franquista- negada para facer algo aberto. O rexime tiña medios, pero non tiña persoas. Realmente resultaba moi incómodo traballar con el, pero se algo queríamos tiñamos que deixa-lo orgullo na casa e usar moito da man esquerda.

O Festival de Cine Aficionado, idea do grupo cinematográfico que se forma dentro do “Círculo”, que incruia aficionados coma Sarry, Balboa, Tomás Sanz e mais Epifanio Ramos, deu uns poucos quebradeiros de cabeza, o que é facilmente comprensible se contamos que as películas chegaban ó festival directamente das mans dos seus autores, sen pasar por nengunha censura. Nos mesmo tivemos que rexeitar algunha por non comprometer ó “Círculo”. Representaban un perigo para as autoridades, que nunca aceptaban coma disculpa que foran pasadas noutros festivais sen que ocorrixa nada, e para o equipo do director do festival. Pero merecía a pena, xa que promocionaba a cida-de –que o rexime non facía– e porque con el se apoiaba ó cine aficionado de Lugo. Unha cousa era a apariencia do festival e outra a realidade. Ademais serviuelle a Epifanio Ramos -entón directivo da entidade- para mellora-la oferta festiva da sociedade no San Froilán cunha cea de gala que hoxe, ó desaparece-lo festival, ten pouca xustificación...

O “Círculo de las Artes” o que fixo históricamente foi cede-lo Salón Rexio, algo realmente importante, porque invertir cartos en cultura nunca foi unha das características da entidade. Xa non naceu con esa misión, senón cuns fins recreativos, que era como se entendía a cultura naquelhas sociedades de “recreo, alegría e deleite” de fins do século XIX e primeiros decenios do XX. Rematada a etapa decimonónica súas iniciativas foron poucas e moi espalladas; realmente eran cousa de socios con inquietude cultural –as coñecidas peñas– que eles mesmos levaban á práctica ca axuda da sociedade no tocante a locais, e das subvencións comerciais: cartos ou premios que solicitaban dos comercios da cidade, como fixeran sempre. O propio Festival de Cine Aficionado foi o que foi polo esforzo de moi poucas persoas e a afluencia multitudinaria e mais estimuladora dos lugueses que enchían o Salón Rexio, non pola axuda económica do “Círculo de las Artes”. Os cartos que o “Círculo” aportaba eran moi poucos dado que o festival desbor-daba seu marco social, e a moitos dos socios non lles gostaba que se gastaran cartos nun certame para todo Lugo que alteraba a súa rutina cotián e ía contra dos fins para os que fora creada a sociedade, e moito menos que se celebrase unha cea-baile de etiqueta, común nun mundo –o dos anos sesenta e setenta do pasado século–, no que era un compromiso cos tempos, pero xa se sabe que sempre haberá xente que non estará no seu

mundo ou fuxe das “galas” por sistema. Esta cea foi realmente creación de Epifanio Ramos, o que quixo darrle ó festival unha nota de modernidade allea a todo contido aldeán. Quixo facer un festival que, salvadadas distancias, se asemellara a calquer outro dos que se facían en Europa, e ó mesmo tempo empurraba, cáse sen querer, á burguesía luguesa a mellora-la súa relación e o sentido lúdico da súa vida. Era, xunto ca entrega de premios, un xusto epílogo para o festival.

Moitos dos socios non se decataran que a verba “artesáns”, definidora do “Círculo”, tiña outras connotacións, e que a propia entidade había tempo que era outra cousa. O mesmo ocorre hoxe, momento no que a sociedade navega sen brúxula cara un horizonte cada volta máis lonxano, difuminado e revolto. Aínda que era certo que moitos sócios non se decataran que corrían novos tempos, non por eso o Círculo resultaba cicatero; sinxelamente seguía na rutina de buscar subvencións cas que a directiva eludía a presión dos presupostos, poñía á disposición da organización o Salón Rexio e cantes medios materiais e persoais houbera na casa e foran precisos, xestionaba a presencia do artista invitado¹... Todo o demais, mesmo o senso que tiña o festival, deixabao nas mans dos que se entregaron a el en corpo e alma. Pero chegou un momento no que á directiva actuante non lle interesabá o festival, e tiña ademais un concepto equívocado do cine, que fixo que o festival perdeuse entidade e ó remate desaparecese. Súa agonía non foi moi longa.

Pois ben, se queremos entender este certame, temos que situalo nese paso da tradición ó modernismo, cando os homes que o fixeron posible eran epígonos dun lucensismo que, sen o deixar de ser, xa quería ser outra cousa, e cando no “Círculo” estábbase a crer, coma no vida cotián, que o futuro era dos animadores culturais ou dos líderes dese fenómeno que se podería chamar “economía cultural” –unha cultura que se valora polos cartos que custa, non polo que vale en si mesma. Ollando as cousas desde hoxe pódese concluir que o festival tivo máis vida da que lle correspondía. Ocorreu o que tiña que ocorrer porque nada nace de súpeto como tampouco nada permanece eternamente, e moito menos a cultura, en crise constante. Non é certo, como creron e cren algúns, que a permanencia do festival se debese á situación que por entón pasaba a exhibición cinematográfica en Lugo e fóra de Lugo, nin o entusiasmo que algúns produtores mostraran de súpeto pola nosa cidade e provincia nin á aparición da sá de arte e ensaio nin a calquer evento comercial ou oficial. Todo esto non infruiu para nada no desenvolvemento do festival do “Círculo”. Naceu para promociona-lo cine en Lugo non na dimensión crítica (que xa facía o “Cineforum”) senón coma “divertimento” creativo para todos aqueles que tiveran tomavistas porque podían aprender; comprende-lo cine, ó tempo que o creaban. O festival non tivo máis trascendencia que a que sinalamos, pero sufriu moitos e duros ataques mesmo pola banda da parte convocante que non entendeu que cando se asumen tarefas hai que o facer con tódalas consecuencias, sobre todo cando esa función é cara ó público.

Un festival –como se entende tradicionalmente– será sempre un concurso e coma tal haberá un xurado que dictamine a calidade das obras concurrentes -neste caso películas- premiando aquela ou aquellas que a seu xuízo o merezan. Redactar unhas bases mediatizando a concurrencia, ou como dí a acta do propio “Círculo” (1975):

¹ Só desde 1967 a 1972, pois logo co cambeo da directiva da sociedade e a nova orientación do festival, xa non viñeron máis artistas. Por aquí pasaron sucesivamente Carmen Sevilla, Karina, Mikaela, Mónica Randal, Rosario Dúrcal (luguesa entón recén chegada de México) e Antonio Casas.

“(...) Unas Bases que, en consecuencia, le han parecido ajustadas y que fueron concebidas, si cabe con egoísmo propio para que nuestro preciado trofeo “Muralla de Oro” pudiera quedar en esta ocasión dentro del ámbito cineasta nacional y no se fuera al extranjero como venía ocurriendo en festivales anteriores (...)”.

era tanto como negarle madurez, como tirar pola borda toda a laboura de oito anos, e o que era peor: confesar que canto se fixera non era o que se pretendía e polo tanto non merecía o beneplácito dos organizadores, se ben mellor deberíamos decir dos convocantes. É decir, estes non comprenderan a natureza do festival e seguían a crer que todo aquel desplegue non era senón unha xuntanza internacional de amigos, que sistemáticamente e por antoxo dábanlle a un deles unha “muralla de ouro”. Na realidade rexeitaban que se premiara a calidade, habíamos face-lo de sempre: darlle a “muralla de ouro” ó más recomendado. E o mesmo pensaban moitas persoas que non eran organizadores e que tiñan un sentido moi persoal e peculiar do lucensismo. Pero non contentos con esto, índa meten máis a pata e, despois de estudia-lo asunto e cambear impresións co xurado, a xunta directiva acorda visionar en privado as seis películas que recibirán e certificar que ningunha delas merecía premio. Esto quiere decir que a xunta directiva convértese por obra e gracia de si mesma en xurado cando, segundo a acta, había designado un para califica-las películas do nonnato IX festival:

“(...) La Junta Directiva estudió detenidamente la solución del Festival convocado y después de haber cambiado impresiones con los miembros del Jurado, se acordó visionar, en privado, las seis películas recibidas por si eran merecedoras de una justa distinción. Realizada la proyección de las citadas películas ante el Jurado y la Junta Directiva de la Sociedad, por unanimidad se acordó declarar desiertos todos los premios del Concurso (...)”

Estas actitudes, paternalistas a veces e irresponsables case sempre, acabaron en Lugo con moitas iniciativas; é posible índa que non probable que ningunha das seis películas mereceran premio algún, pero tamén resulta indudable que había un festival convocado e que este tería que realizarse con seis películas o mesmo que con sesenta (houbo un que se celebrou con catorce). O fracaso da convocatoria tería que asumilo a organización, estudia-los fallos e mellora-la xestión para o seguinte ano. Pero non se fixo así e o descalabro de 1975 determinou que non houbera festivais no 1976 e 1977. Actuacións comas descritas elevan índa más se cabe o labor dos que xenerosamente loitaron por algo que logo os tempos demostraron que era bo (Ramón Varela, José Mouriz, Epifanio Ramos, Juan Balboa, Tomás Sanz, Valentín Roldán, os empregados do “Círculo”, os medios de comunicación, os membros dos xurados...)

No 1978, cando xa o festival agonizaba tralo parón do 1976 e 1977 a raiz do acontecido no 1975, o pouco respeto polas cousas ben feitas levou hasta o certame o Santo Viático, porque logo de once anos de vida xa non se podía valer por sí mesmo. Ocorreu o más estranho que lle poida pasar a un festival: que os medios de comunicación fixesen público o fallo do xurado antes de que a organización o dera a coñecer oficialmente. *El Progreso*, de Lugo (17-XI-1978), resaltaba este feito nun tono moderado cando merecía un verdadeiro pau porque con aquela actitude acabaran cunha creación que costara traballo sacar adiante; os “homiños” de Lugo acadaran “sacárlle-lo festival” á directiva do “Círculo” e runfaran de abondo das súas posibilidades frente ós que loitáramos polo levar cara a maioría de idade. Afirmaba o diario:

“(...) En efecto, El Progreso y los demás medios de información de Lugo, hicieron público ya hace unos días el resultado de este concurso, al que concurrieron más de sesenta películas de toda España y que puso de manifiesto una cierta falta de responsabilidad en las personas encargadas de garantizar el secreto de la decisión del Jurado (...)”.

O Festival de Cine Aficionado foi gañando en interés desde seus comenzaos logo de deixaralles ben claro ós aficionados coruñeses e mais a algúns catalán, e desde logo a varios lugueses, que non era un concurso caseiro. Protestar porque un filme familiar ou unha viaxe turística realizados sen a máis mínima linguaxe cinematográfica non foran premiados era realmente absurdo. A Lugo, como a calquer outro festival que se preciara, había que mandar películas, mellores ou peores, pero películas; e nosa cidade tería que facer películas que competisen cas demais que concursaban. O xurado non facía paternalismo, nin tiña nada que ver ca posible financiación do festival, el estaba para calificar filmes. A competencia debíanos estimular a todos. Este foi o segredo do éxito, como a fidelidade ó que representaba técnica e socialmente foi a base da fortaleza do “Cineforum”. Cómprase sinalar, porque non é cousa que trascendese, que ata Lugo chegou algunha película premiada en festivais de Lisboa, Viena, París...nalgúns co primeiro premio, que acó non recibiron e o autor seguiu a mandar películas coscente probablemente de que os premios son función da calidade dos filmes que concorren, e un filme premiado nun festival mediocre pode non ser nin mentado noutro mellor. Non hai que se deixar abraiar polo nome do festival ou da cidade na que se celebra, senón pola súa competencia e seriedade. Se diante desto alguén pode pensar que estamos a presumir que o festival do “Círculo” era tan bo coma o mellor, contestaremos que non soamente o pensamos, estamos seguros.

Para rematar ca introducción cómpra decir algo sobre dos premios: a “Muralla de Oro” e mailas medallas, as que ademais dun recoñecemento artístico do filme que a recibía, tiveron tamén un destino conmemorativo, pois con elas quíxose premia-la colaboración co certame. A muralla era unha verdadeira xoia de gran valor crematístico que se popularizou da tal xeito que mesmo pasou á repostería a ós “pins”. Foi deseñada con notable acerto por Juan Balboa e plasmada en ouro polo artesán lugués Sergio, o que tiña o taller no portal da casa na que está o “Café-Bar Regio”, esquina Ronda da Muralla e Avenida da Coruña, na que por algúns anos tamén vivimos nós. A historia das medallas foi moito máis complicada. Fixéronse para sustituir a unhas tarxetas de coiro ca inscripción do festival en letras douradas, unha cativa praca de prata grabada, e o escudo de Lugo en metal esmaltado, que se utilizaron no primeiro festival. No segundo ano encárganse medallas de prata e cobre plateado á Malde, de Santiago, o que as fixo -a suxerencia de Ramos- cun contorno irregular co gallo de que tiveran tufo modernista, pero o resultado foi lamentable. Entón para o ano seguinte encárgaselle que as fixera circulares e, ínta tendo mellor factura, estaban moi lexos do que o Ramos quería. No ano seguinte houbo que repeti-lo mesmo ourive, pero no 1971 trátase cun dos melhores medallistas do país, Caricó, de Barcelona, ó que Epifanio Ramos lle explica o que quería: unha peza clásica semellante ós tetradracmas siracusanos que levara no anverso a cabeza de Minerva, pero non a tradicional do “Círculo”, senón unha figura máis próxima a arte grega. O resultado foi verdadeiramente sorprendente.

O FESTIVAL

No ano 1967 créase no “Círculo de las Artes” un “Grupo Cinematográfico”, atendendo a directiva da sociedade as suxerencias de varios aficionados ó cine, co gallo de filmar películas e as proyectar para súa diversión. Pero para darrle máis pulo acorda organiza-lo que chamaron “I Festival Nacional de Cine Aficionado” para películas de 8, super-8 e 16 mm. Prantexado o problema ó presidente da entidade, este probablemente considerando que aquelo non tería máis trascendencia que a de calquer acto de calquer outra “peña”, acepta que o “Círculo” fixera a convocatoria e participara na organización. Pois ben, logo dalgunha reunión de Ramón Varela con posibles colaboradores, nos tivemos noticias deste festival por medio de Celestino Fernández de la Vega, o que tiña o encargo de forma-lo xurado que ía califica-las películas. Nun principio rexeitámolo ofrecemento por razóns laborais e persoais. Pero o romate aceptamos, inda que non nos gustou que os xurados madrileños visionaran as películas e logo votaran por correo desde Madrid; podían xurdir problemas -como xurdiron- e ter que apencar nós cas responsabilidades. O labor non foi difícil porque había moita diferencia entre o cine aficionado catalán e o galego. Así que no premio extraordinario (“Muralla de Oro”, diploma e 15.000 pesetas) non houbo diferencias e concedéuselle por unanimidade do xurado a “Nosotros y las manzanas”, de Juan Pruna, de Mataró (Barcelona). Pero non recordo que diaños pasou, mesmo se foi prohibida súa proiección, inda que estou por asegurar que se escachara o proietor de 16 mm., que se ía reparar e logo non se fixo ou non houbo tempo. O caso foi que moi pouco público puido ve-lo filme porque se proxectou de primeiro e cando o salón estaba case valeiro. Diante desta situación Mouriz, que ademais de membro do xurado era secretario da sociedade, foi encargado por aquél de procurar que se repetira o pase da película noutro día para que o público a puidese ver e logo, se a premiabamos, non fora collido de sorpresa. Pero non se volveu pasar. Entón José Mouriz e mais nos fumos da opinión de que era mellor non a premiar porque resultaría cando menos chocante que fora galardonada e, á par, praticamente descoñecida do público, mentres que outros dous membros, Fernández de la Vega e Dónega Rozas, sostiñan o contrario apoiándose en que outros dous xurados votaran por escrito a mesma película para o premio extraordinario. De non a galardonar teríamos que dar explicacións e esto iría en desprestixio do festival. Ó fin déuselle o premio por unanimidade. E non só esto, tamén se premiou seu guión e súa dirección, así como a interpretación infantil. Este feito provocou con razón certas reticencias na prensa (*El Progreso*) que viu nel unha chanchullada, o que non era certo. A película merecía o premio porque era aparatosamente superior ás demais, se ben realizada co barroquismo característico dos cataláns, cunha cor moi aceptable e unha estupenda interpretación infantil. Quizais o mellor fora nin a citar, dada súa pouca difusión, pero considerouse que o feito de que houbera poucos espectadores no intre de ser proyectada non era culpa do xurado, nin o afectaba en nada, así que se premiou. Cómpre decir que este filme, como o que obtivo o primeiro premio, “Magnificat”, de Joan Serra e Andreu Sitja, de Esparraguera (Barcelona) eran dúas películas moi coñecidas por estaren en todos os festivais españois². É decir, que o de Lugo era un concurso “escoba” que recollía os

² As películas que recibiran premio ademais das ditas foran: “Cine amateur”, de José E. Díaz-Noriega y Ruiz, da Coruña, segundo premio (medalla de prata, diploma e 3.000 pesetas); “Un caballo”, de José Puig Clausel, de Palafrugell (Girona), terceiro premio (diploma e 1.500 pesetas); outro terceiro premio (diploma e 1.500 pesetas) a “Refracción psíquica. La guerra”, de Santiago Suárez de Frutos, de Vigo. Primeiro premio de documentais (medalla de prata, diploma e 5.000 pesetas) a “Cementerio marino”, de Francisco Tudela e

premios doutros festivais e tamén os restos. A nós esto non nos pareceu moi ben polo que falamos ca organización para que esixira que os filmes foran de estrea, pero non aceptou a suxerencia pola razón de nos estar a consolidar, argumento do que se volvreu votar man cando acadamolo festival internacional.

Neste primeiro concurso estabamos dispostos a ver con moito cariño e interés toda produción que fose de Lugo e, en xeral, de Galicia -na Coruña había moita afición, segundo Dónega-, entre outras, por unha razón fundamental: todos agardabamos que este fora o primeiro e único festival convocado polo "Círculo". A tarefa foinos facilitada pola inscripción de varias películas da Coruña que non eran o que Dónega aseguraba, e porque concorrían tres lugueses que sabían para que servía un "tomavistas" e con nocións de dirección e mais montaxe: Ramos, Sarry e Balboa, que presentaban "O meco e as pampónigas" (pola que obtiveron o segundo premio no apartado de documentais, o da mellor película dun aficionado lugués e a mellor fotografía en cor) e "La mariposa" (premio á mellor película en branco e negro). Tiñan mais sentido do cine que os herculinos, pero ámbolos dous filmes resultaban moi premiosos, a lo menos así os consideraron algúns membros do xurado. Con todo, cumpríase o desexo de que se non había máis festivais, dábaselle un pulo ó cine aficionado galego que, a lo menos en Lugo, xa dera sinais de inquedanza co "Círculo Cinematográfico del Instituto Femenino", onde daba clase o Ramos, que no 1966 xa presentara "Blanca González", película dirixida por Balboa con Sarry de operador e polos tres coma guionistas. A nós, como moi ben dí Fernando Arribas Arias (**O cine en Lugo 1897-1977. Xerais, 1996. Pax. 157**) pareceríamos ben súa montaxe, fotografía e algúns efectos de "travelling", pero noso artigo insinuaba algo máis: desprendíase del perfectamente que quedáramos gratamente sorprendidos, e os consellos que entón dabamos ós cineastas foron mesmamente dos que sempre pecaron: deficiente planificación (guión técnico) e ritmo pobre. Os mesmos defectos, dentro dun tono aceptable, tiñan as películas que presentaron ó festival. Pero o esforzo deste grupo por facer un cine digno era moi encomiable. Mesmo para outra película rodada nun piso da rúa de San Roque, fóreronlle pedir un mosquetón ó mesmo exército e nin que decir do lio que formaron. Coñas fora, foron capaces de rodar unha das mellores esceas que se viron no festival: os atracadores aparecen a carón dunha mesa ollando para a protagonista atada a unha cadeira, mentrela bombilla que penduraba do teito oscilaba creando un suixerente e moi expresivo xogo de luces e sombras; ademais a planificación polo menos era suixerente.

Realmente, agás pola concurrencia de Pruna, Sitjá, Puig e Christen A. Blom e Súarez de Frutos, que era de Vigo, o festival resultaba netamente herculino, pero a pesar desto séntense molestos porque non foran premiados todos eles, e desde logo porque Valiente Ros, que presentaba a archicoñecida "Microdesfile"- -que foi pasada tamén pola TVE.- non recibira a "Muralla de Oro"; emporiso obtivera o primeiro e segundo premio do apartado de "Fantasía" co "Microdesfile" e "La gruta mágica", respectiva-

Miguel Guerrero, da Coruña; segundo premio (medalla de prata, diploma e 3.000 pesetas) "O meco e as pampónigas", de Ramos, Sarry e Balboa, de Lugo; terceiro premio (diploma e 1.500 pesetas), "El festival", de José E. Díaz-Noriega y Ruiz, da Coruña. Mellor fotografía en cor de 8 mm., "Magnificat"; idem en super 8, "O meco e as pampónigas"; idem en 16 mm. "Bosques de Galicia", de Guillermo Camarero, Jenaro Dabla e José E. Díaz-Noriega; mellor montaxe, "Elegía", de Christen A. Bloom-Dahl Andersen, de Valencia; mellor interpretación masculina, "La guerra", de Isidro Novellas, de Barcelona; infantil, "Eva", un dos episodios de "Nosotros y las manzanas", mellor adaptación musical, "Magnificat".

mente. As protestas naturalmente recibíronas os organizadores e foron causa de que ó ano seguinte se convocara o segundo festival soamente para autores galegos. Foi unha claudicación que nunca se debeu producir. Con todo, a pesar das reticencias coruñesas, o festival tivo tal éxito que Ramón Varela quedouse gratamente sorprendido. El non agardaba tal afluencia de lugueses cara ó Salón Rexio durante as datas de proxección, nin tal difusión do nome do "Círculo de las Artes". Lugo e maila sociedade estaban en tódolos xornais e mais emisoras de radio de España. Había que repetilo e foi entón cando chegou o medo a que o festival desbordara as posibilidades dos organizadores, así que se deixou nun concurso rexional, que realmente ós que interesaba era ós da Coruña que así tiñan garantido premio.

O nivel do II Festival estivo moito máis baixo que o do ano anterior porque soamente Francisco José Valiente Ros deu unha medida do que era un documental e así recibiu a "Muralla de Oro" e diploma pola súa película "Hórreos asturianos", así coma os premios á mellor realización, mellor montaxe e mellor son. O premio para a mellor película dun lugués foi para Epifanio Ramos de Castro por "Un cierto Lugo", que tamén obtivo o correspondiente ó cine documental. Se o filme chega estar un pouco más cuidado, más elaborado na súa montaxe, era merecedor mesmo da "Muralla de Oro", pero resultaba moi desigual³.

Satisfeitos debemos coruñeses, no ano 1969 volveuse ó que na realidade interesaba ó "Grupo Cinematográfico": o festival nacional, que resultou moito mellor que o anterior. Este feito de muda-la dimensión do certame- algo que se volvería a facer más adiante- xunto ó que dixemos sobre o IX Festival, fixo que a xente, mesmo á aldea ó concurso, se decatase de que este era moi "peculiar" e eso sen saber nada da súa financiación⁴. Pero antes, no mes de febreiro, celebrouse un minifestival local de cine familiar que veu colma-los desexos festivaleros de non poucos aficionados lugueses porque esto do cine "amateur" convertírase en Lugo nunha verdadeira plaga, e non o decimos nun tono peiorativo, non, senón moi serio, xa que aquello era bo para cidade que nunca fora nin sería tan filmada nin, claro está, "estudiada". Recordo que ante tal cúmulo de cineastas a nós ocorreusenos imita-los ovetenses e crear en Lugo un "NO-DIN", un NO-DO en pequeno para filmar e colecciónar todo canto de interés houbera en Lugo, pero a iniciativa non tivo fortuna. Nós seguimos a crer que era boa, pero agora habería que facer video e, como dí Epifanio Ramos, mesmo convocar un festival ou varios de video. O primeiro que habería que facer era unha escolma do rodado en calquera dos pasos tradicio-

³ As películas premiadas agás as citadas foran: "La gaita gallega. Su artesanía", de Antonio Docampo García (A Coruña), que recibiu o premio á mellor película de tema galego, que realmente tiña que ter recibido "Un certo Lugo", de Epifanio Ramos, premio ó mellor documental; se o mellor documental era o do Ramos e Lugo era tan galego coma gaita, o lugués debía recibí-los dous premios, pero os outros dous membros do xurado: José Mouriz, e o coruñés Ernesto Díaz-Noriega, preferían que os premios estivesen moito más repartidos. "Esto no es España", de Gabriel Domínguez Durá (A Coruña) obtivo un premio que xa non se ía repetir por razóns obvias: o especial á mellor película de tema social; "Lotería", de Julio Santiso Abelaira, que levou o premio ó mellor argumento. "Rapsodia galaica", de Rafael Luca de Tena, que recibiu o premio de fantasía e o de mellor fotografía en cor. "Crucigrama", de Marco Llorente (Vigo), que recibiu o premio á mellor fotografía en branco e negro.

⁴ GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio Carlos: "Historia del cine en Galicia (1896-1984)". La Voz de Galicia". La Coruña, 1985. Na páxina 408 dí: "...como podemos observar el desarrollo histórico de estos festivales (os do Círculo) es bastante peculiar, llegando a alcanzar -gracias al continuado esfuerzo de sus organizadores- una categoría que ya nadie puede dejar en el olvido".

nais e o convertir en video, reproduci-los videos, e a partir de entón roda-la nosa historia. Ou, como agora vai haber tantos museos archiva-lo convertido en video e gardar cantes se vaian facendo. Pero sigamos cas nosas lembranzas.

A este II Festival Nacional de Cine Aficionado” (1969) concorriron as mesmas xentes –algo que se ía repetir ó longo dos anos–, pero ofrecía unha interesante novedade que realmente non cuallou: un premio para a mellor película galega de tema galego e doblada en galego; o premio concedéuselle a Orestes Pérez Quiñones polo filme “As mallas” de non moita calidade⁵.

Nós, o mesmo que o “Grupo Cinematográfico” –a lo menos Balboa e mais Ramos– queríabamos un festival internacional, que en España non había e porque ademais eso permitiría entrar en contacto con outras “cinematografías” que aportarían, cando menos, un novo modo de ve-lo mundo, e claro, o cine. A organización non sería máis complicada que a dun festival nacional nin tampouco súa financiación. Custou convencer ó presidente e é comprensible que así fose porque el, a súa vez, había convencer ás autoridades de que non ía haber complicacións, e moito menos diplomáticas. Logo da nosa teima, o fin no 1970 convócase o festival internacional co título “IV Festival Internacional de Cine Aficionado”. Naturalmente non era o coarto senón o primeiro, pero esto non tiña maior importancia, o que interesaba era que a partir de agora teríamos algo máis que cine catalán e valenciano. Efectivamente, apareceron aficionados de Huelva, Madrid, Albacete, Mallorca, San Sebastián, Sevilla, Portugal e Italia, ademais dos tradicionais de Barcelona, Valencia, A Coruña, Vigo e mais Lugo. A cousa fíxose con certa solemnidade. En primeiro lugar as bases foron redactadas en seis idiomas e espadlladas por España e mailo extranxeiro, e o 25 de xullo o festival foille presentado ó delegado de Información e Turismo, do que, por razóns obvias, sempre se precisaba que botase unha man. A sesión inaugural celebrada a mediados de setembro foi presentada polo presidente do “Grupo Cinematográfico”, Tomás Sanz Martín, cunha exhibición de películas premiadas en anteriores festivais, singularmente luguesas, que foron glosadas por quen esto escribe que rematamos cunha breve charla sobre “Lenguaje cinematográfico”. Tamén o presidente do xurado, o catalán Juan Francisco de Lasa, pronunciou unha conferencia, “Por un cine independiente”, proxectándose a continuación as películas “José María de Sucre” e “El mundo de Fructuoso Gelabert”. Desgraciadamente houbo que deixar deserto o apartado adicado á mellor película en lingua galega.

O importante deste festival foi o descubrimento dun gran cineasta aficionado, Rolf Mandolessi, que acaparou tódalaſ murallas de ouro mentres nos estivemos no xurado, e logo tamén coma director, e que foi a causa directa da efímera modificación das

⁵ Obtivo o premio extraordinario “La missa del homes”, de Juan Serra e Andreu Sitjá, de Barcelona: mellor documental, “Mercat del Ram”, de Andreu Sitjá; segundo premio documental “Imágenes de la Chanca”, de Fausto Romero; mellor película de argumento, “2002”, de Jordi Vall Escriví; segundo premio, “El paraguas”, de Juan Pruna; mellor fantasía “Hombrecitos de papel”, de Christen A. Blom.Dahl; segundo premio, “Homenaje a Mc Laren”, de Jorge Tomás Freixa; mellor película galega, “As mallas”, de Orestes Pérez; mellor película dun aficionado lucense, “Amanecer africano”, de Ulises Sarry; mellor guión, “La missa...”; mellor dirección, “Hombrecitos de...”; mellor montaxe, “Toros en Cardona”, de Jorge Tomás Freixa; o xurado elimina o premio ó cine cómico e seu montante distribúe entre “El trapero”, de Juan Balboa que, asimismo, recibe o da mellor banda sonora; “Hombrecitos...”; mellor interpretación, “El paraguas”, de Juan Pruna; mellor fotografía en branco e negro “Amanecer africano”; mellor fotografía en cor, “Matamorfosis”, de José María Charro.

bases, feito ó que aludimos máis atrás. Súa película “Devoti” recórdana cantas persoas asistiron ás proxeccións, pero seguro que das nacionais non se lembran de ningunha. Foi unha película impactante porque tiña todo aquello do que carecía o cine aficionado español: sencillez e concreción expositivas, unha linguaxe adaptada ó tema que fixo que rexeitara o “zoon” e recurrira ó cambeo por corte directo; contaba ademais cunha montaxe formidable. O tema era a descripción do comportamento dos feligreses durante unha misa e tiña tal precisión, estaba tan sinxelamente narrado que todo o demais do festival non parecía cine. Mandolessi, nesta e noutras películas, demostrou ser home intelixente e sensible porque fixo o que tiña que facer: fuxir dos protagonistas porque para un cineasta en oito milímetros, ou super 8, ofrecían dificultades insalvables, e ademais rodar en branco e negro, agás un documental sobre Nova York, e nótaselle. Os cataláns, o mesmo que os lugueses e os nacionais en xeral, tentaban imita-lo cine de actores profesionais e perdíanse nuha narración valeira e sen ritmo porque tódolos planos tiñan o mesmo valor ou estaba alterada súa situación. Mandolessi fixo un cine con protagonistas, pero documental.

A aportación portuguesa non foi gran cousa; nin Vasco Branco co “O xadrez”, nin Francisco Bastos con “Sinfonía da cidade”, nin José Barbosa cos “Contadores de tempo”, ofrecían novidade algúnhā⁶.

No 1971 estaba claro que se tiña que ir máis adiante, pero entón prodúcense disensións, pequenos roces sen importancia, e o “Círculo” atópase que non ten quen se encargue do festival. Realmente co que se atopa e con que ninguén quere comprometerse nun festival que podía resultar unha carallada. Unha vez que saira das nosas fronteiras o cine extranxeiro tiña que ter maior representación, cousa que non se cría sinxela. Así que o presidente da sociedade, Ramón Varela, que sempre amosou interés polo festival, falou ca única persoa que non estaba comprometida co “Círculo” nin ca peña de cine e que, polo tanto, non participaba dos roces: connosco. A tarefa era bonita de abondo como para interesar, pero se un tiña a oposición do “Grupo Cinematográfico” pouco podería facer, índá contando co personal da casa ó seu servicio. Entón falamos co Juan Balboa, que comprometeu súa colaboración e realizou un traballo moi encomiable, e co Tomás Sanz, o que non se comprometeu, pero mostrouse disposto a votar unha man, o mesmo que fixo Epifanio Ramos que no 1972 aceptaría ser presidente do xurado.

⁶ Agás Mandolessi, os autores premiados foron: primeiro premio (trofeo e 15.000 pesetas) “Paseo bajo los árboles de una ciudad”, de Jordi Vall Escriú (Barcelona); segundo premio (trofeo e 10.000 pesetas) “Miren eta Mikel”, de F.G. Guruchaga e J.M. Casmino (San Sebastián); segundo premio (trofeo e 10.000 pesetas) “Tabú”, de José Valiente Ros (A Coruña); terceiro premio (trofeo e 5.000 pesetas) “Imágenes para Panderecki”, de Riera Nadal (Mallorca); terceiro premio (3.000 pesetas) “Contadores de tiempo”, de José Barbosa (Portugal); terceiro premio (3.000 pesetas) “La ciudad”, de Carlos Fernández Santander (A Coruña); terceiro premio (2.000 pesetas) “Year 2004 something is different”, Ulises Sarry (Lugo); premio ó cine documental (diploma e 5.000 pesetas) “Homes del tercer mon”, de Andreu Sitjà (Esparraguera); premio á mellor animación (diploma e 3.000 pesetas “Tabú”; premio á mellor película dun aficionado lucense “Year 2004...”; premio á mellor dirección (diploma e 2.000 pesetas) Eugeni Anglada (San Hipólito de Voltregá) por “Sol”; premio ó mellor guión (diploma e 2.000 pesetas) Juan Pruna (Mataró), por “Don Palomo”; premio á mellor montaxe (diploma e 2.000 pesetas) Riera Nadal por “Imágenes...”; premio á mellor banda sonora (diploma e 2.000 pesetas) Orestes Pérez Quiñones (Campos del Puerto-Baleares) por “O zoqueiro”; premio á mellor fotografía (diploma e 2.000 pesetas) “Rajada”, de Vasco Branco (Portugal); premio á mellor fotografía en cor (diploma e 2.000 pesetas) “Siluetas”, de José Barbosa (Portugal); premio á mellor interpretación (diploma e 2.000 pesetas) ó protagonista de “El examen”, de Gregorio Fidalgo (Huelva).

O primeiro que se nos prantexa foi que un dos bafles non servía, polo que tiñamos que mercar outro. Levada esta cuestión á directiva a resposta foi negativa porque nin a comisión de contas nin os socios aceptarían tal gasto. Esta resposta -indudablemente lóxica para o sentir dos directivos- era absurda porque se o “Círculo” quería un festival de cine, e que as proxeccións das películas se fixesen no seu salón tería que estar en condicións de realizar proxeccións e sen altavoz era imposible. Ramón Varela e mais Epifanio Ramos comprendían o problema, pero había xente, mesmo na directiva, que non o entendía así porque tampouco lles interesaba o festival. Diante desta situación fumos a “Radio Meilán” e mercamos un bafle con cargo ó “Círculo”, pero ca pretensión de pagalo nos se a sociedade non o facía, pero pagouno. Índa houbo outros pequenos problemas que resolvimos nós ca nosa carteira porque no “Círculo” entón había moito “tradicionalismo”.

Superado o problema do altavoz, índa tiñamos outro importante: muda-lo sistema das proxeccións. As películas proxectábanse desde o propio salón sobre dunha pantalla, e os espectadores a carón do proxector habían soporta-lo chorro de luz e mailo ruido do motor. Esto resolveuno Tomás Sanz proyectando desde detrás da pantalla; acotamos e pechamos cuns panos o que é o escenario do salón, evitando así que a luz molestase ós espectadores; logo riba dunha mesa Tomás colocou unha cámara que proxectaba sobre dun espello orientado de tal xeito que os raios que recibía refrexábaos sobre da pantalla. Deunos traballo acadar que as proxeccións non experimentasen modificacións segundo o paso do proxector, pero o final resultou perfecto.

Realmente un festival internacional tiña que contar con algún membro do xurado que fose extranxeiro e cun real espallamento das bases, a lo menos polos países que un consideraba tiña aficionados con película que nos enviar. A través dun amigo residente en París pensamos poñernos en contacto ca escola de cine de Moscú, a través da embaxada rusa, pero logo pensamolo mellor e rexeitamola colaboración polas consecuencias que podía traguer importar en España películas rusas, e ademais sen pasar pola censura, porque importacións de países “satélites” estabanse a facer a cotío para festivais e cineclubes. Con todo, a difusión das bases, na que a intervención das embaixadas foi decisiva, resultou notable e afectou a xornais e radios de tódolos países que naqueles intres nos interesaban. Ningún deses medios rexeitou a publicación ou a lectura da convocatoria. E ata tal punto había interés por participar que mesmo unha firma comercial (CPA) ofreceunos un premio sen llo pedir:

“Hemos leído en el “ABC” de hoy (2-7-1971 una noticia sobre el próximo “V Festival de Cine Aficionado”, a celebrar en Lugo, en septiembre del año en curso organizado por el “Círculo de las Artes”. Siendo nuestra firma una pequeña organización dedicada, desde hace varios años, a la importación y distribución de películas para aficionados, en 8 y super-8 (...) Nos ha surgido la idea de la posibilidad de nuestra modesta contribución a dicho festival aportando dos películas seleccionadas entre las mejores de las marcas extranjeras que representamos para que fuera de concurso, se proyectasen, y finalmente se entregasen a algún concursante del Festival, como un pequeño premio extra (...)"

A distribuidora propoñía que as dúas películas da marca “Zagreb-Film”, en super-8 foran entregadas á mellor película infantil, como así se fixo. Cómpre sinalar que se trataba dos títulos “Ceremonija” e “Muha”, en versión orixinal e copia exacta dos mesmos títulos en 35, e que neste paso acadaran premios internacionais. Como anécdota curiosa temos que sinalar o que ocorreu con Finlandia. Enviada a convocatoria do festival e a

solicitud dun membro para o xurado á embaixada deste país en Madrid, esta resposta decídonos que enviara nosa petición ca data do 15 de xullo, á sociedade que publicaba a revista “Kaitafilmi”, o que facía crer que por ser unha revista especializada coñecería e estaría en contacto cos cineastas aficionados, pero cal non sería nosa sorpresa cando o que recibimos foi un número da revista e nada máis.

Cas películas parecía non haber problema porque o que non as enviaba coma correspondencia o facía por valixa diplomática, co que estabamos a obvia-la absurda actitude de Aduanas de tratar unhas películas de aficionados, en pasos reducidos, para un festival concreto e que ían estar en España soamente días, como se fosen filmes comerciais en 35 mm. Pero non ocorría así cos xurados, principalmente porque o “Círculo” non estaba disposto a paga-los billetes de avión, entón caros dabondo, desde logo. Así que Balboa e mais nos puñémonos en contacto ca compañía “Iberia” solicitándolle un par de billetes e, ó mesmo tempo, escribimos a Rolf Mandolessi e ó portugués Vasco Branco para que nos indicaran posibles membros do xurado: Aquel propuxo ó avogado de Viterbo (Italia) Idilio Formiconi, mentrelo portugués indicounos a Aguinaldo Machado, de Taveiro; ó inxenieiro Fernando Lavrador, de Cacia-Aveiro, e ó pintor Julio Resende, de Gondomar. Resende contestou que non podía vir por impedirllo outras ocupacións:

“(...) Sería com inmenso prazer que aceitava o honroso convite formulado por V^a E^ax. se non se dese a circunstancia de estar ausente no Brasil, para onde parto dentro de dias afim de realizar uma exposição das minhas obras de pintura (...)”.

Tamén se disculpa Lavrador porque cando recibiu a carta do “Círculo” estaba de vacacións e non pudo contestar para nos decir que a fins de setembro tiña que voltar encende-los fornos da fábrica na que traballaba coma inxenieiro. Como tampouco o “Clube Portugués de Cinema de Amadores” podía mandar a ninguén, soamente nos restaba face-la xestión co recomendado do Mandolessi. Pero non foi necesario porque “Iberia” repostounos no senso de que non podía facilitarnos billetes polo prohibir IATA, unha amable disculpa máis cabreante que a verdade: non os facilitaba porque non quería. Nestas condicións e como realmente os xurados de fora (Barcelona, Madrid, Valencia, etc.) non eran mellores que os de Lugo, e non aportaban “internacionalidade” decidimos crear un xurado con lugueses: José Mouriz, presidente coma representante do Círculo”; Valentín Roldán, Tomás Sanz, Juan Balboa, que actuaría coma secretario, e nós.

Ca intención de darlle máis difusión nunha provincia que realmente tiña moi pouca actividade cultural –claro que non menos que as outras– decidimos que, unha vez vistalas películas polo público asistente ó festival, nada impedía que puideran ser proyectadas nalgunha das vilas luguesas, iniciativa que índa hoxe non comprendemos porqué non foi ben acollida, agás por Epifanio Ramos, membro da directiva e colaborador da organización, e por Juan Balboa; o resto das xentes implicadas no festival puñéronse en contra, algunha por crer que con eso sacábaselle ó Círculo” súa tutela. Pero esta oposición non foi atranco para que Sarry, cos seus filmes, Balboa e mais nós nos desplazáramos a Sarria onde fixemos unha proxección que, a pesar de non estar debidamente anunciada, tivo éxito.

Cando estabamos a recibirlas películas que concorrían ó festival, chegou unha carta sorprendente firmada por un tal José Rios, e enviada desde o Perú, na que se decía que tiña filmado o terremoto ocorrido naquel país americano no mes de maio do 1970, e que fora realmente importante. Aseguraba ademais que se queríamos a película no la

podía mandar, pero a carta viña sen dirección no interior e mais sen remite, así que como non sabiamos a quen contestar, decidimos poñernos en comunicación co Ministerio do Interior peruano para tratar de localizar aquel José Rios. Non se trataba de que a película ofrecida fose boa ou mala a non ser que puidera monta-lo filmado. Pero índa sendo mala tratábase dunha oportunidade única de poder ofrecer ó público lugués en vivo, un terremoto que tivera moita sona pola destrucción que provocara. Sería a primeira vez cun documento de tal natureza se exhibira en Europa e probablemente no mundo, e eso no "Círculo de las Artes", de Lugo. O 8 de setembro do 1971, dezaseis días antes de comenza-las proxeccións recibimos resposta da Oficina de -Relacións Públicas do Ministerio do Interior na que se nos decía que o individuo buscado era o doutor José Rios Cancino, xefe de Raios X do Hospital Centro de Salud de Huaraz (localidade afectada polo seísmo), ó que se lle comunicara que nós aceptabamos que o seu documental filmado con motivo do terremoto puidera concursar no noso festival. Pero cando agardabamola película chegou unha carta do doutor na que decía que non no la podía enviar por medo a que se perdera ou deteriorara, que soamente sería proxectada se el a traguía e estaba presente na proxección. É decir, que o médico, aproveitándose do noso interés, quería viaxar a Lugo gratis. Como naturalmente sen a colaboración de "Iberia" non podíamos traguear a Lugo a ninguén, quedámonos sen ve-lo terremoto, a pesar de que na última misiva propoñíamoslle que a mandara por valixa diplomática –o que xa tiñamos amañado– que así non se perdería.

Parece coma se este V Festival, tal e como se pensaba antes de ter director, ía sendo das complicacións porque apareceron dúas más. Sinto non ter tomado nota entón dos títulos, pero houbo dos filmes que non puideron ser proxectados, un por erótico e o outro porque as autoridades e directivos da sociedade asistentes a un pase privado para elles dixerón que non polo trato que se lle daba á bandeira española, a pesar de que para o delegado de Información a cousa non tiña moita importancia, pero os demais convencérono de que o contido da película podía trascender terxiversado e entón podía haber unha resposta oficial non grata que os afectara a todos. E foi unha mágoa porque a película, catalana ela, escachaba con todo o que se viña filmando daquela Comunidade; desenvolvíase nun parque de atraccións e a bandeira era un dos elementos decorativos dunha das constituída por sucesivas e descendentes rampas. Nun intre a bandeira cae e é arrastrada por unha parella que descendía polas rampas ata o chao, onde o estandarte queda enrugado sobre da lama.

Pero a pesar de todo o festival era un éxito polos autores que concorrían e polas súas películas:

-Rolf Mandolessi, que presentou "La calunnia", rodada en 8 mm e branco e negro, cunha duración de 15 minutos. A película –na que intervén todo un pobo– non é más que a dramatización do nacemento e desenvolvemento da caloña. Trátase dun filme inferior ó que presentara no 1970, pero tamén dunha gran calidade, polo que obtén a "Muralla de Oro". Supoño que se trataba dun asiduo ós festivais europeos que eran moitos.

-Fernando Bertuzzi, que concursaba ca película "Una perla d'Italia", rodada en 16 mm. Cor e con 10 minutos de duración. Tratábase dun documental sobre do porto pesqueiro de Caorte, nos seus aspectos humán, social e mais económico, pero na realidade non era senón un alarde fotográfico dun cromatismo impresionante, polo que só recibiu unha mención de honor: medalla de prata e diploma. Dábase a circunstancia de que este autor co mesmo documental gañara os premios ó mellor documental en

Bordighera, copa ENTE en Roma polos suxestivos efectos cromáticos, medalla de prata ó mellor cor, en Triveneto, e premio ó mellor documental en S.Dona di Piave.

-A. Soussi e G. Rabasa, franceses (o primeiro creo que arxelino) que concurriron co filme “Off pocket”, rodado en 8 mm., cor e con 15 minutos de duración. Trataba de contar coma unha desilusión amorosa destrue moralmente a un rapaz, o que, logo de deixa-los estudos, comenza a roubar...Recibiu o primeiro premio: medalla de prata, diploma e 20.000 pesetas: A película viña de recibi-lo primeiro premio ó mellor argumento, e primeiro premio á mellor interpretación no festival de Carpentras, e antes recibira o primeiro premio ó mellor argumento e copa ó mellor filme de 8 mm. en Niza; primeiro premio en París (maio de 1971) e segundo premio en Lyon (maio de 1971). En Lugo recibiu ademais do primeiro premio o da mellor interpretación.

-Perla Lich e Jaime Graschinskic, arxentinos que concurriron con “Antonio Pujía”, realizada en 16 mm, cor e 9 minutos de duración: Tratábase dun documental sobre do pintor italiano radicado na Arxentina, Antonio Pujía, que recibiu o segundo premio: medalla de prata, diploma e 15.000 pesetas, así coma o premio á mellor dirección.

-Miguel Angel Materazzi, médico arxentino que concurre co “Francisco”, rodada en 16 mm., branco e negro e 28 minutos de duración. A película estivo a piques de non ser proxectada porque era das chamadas médicas expresamente prohibidas polas bases. Sen embargo, o xurado entendeu que esa prohibición referíase a un tipo de cine divulgativo de quirófanos ou con imaxes que poideran feri-la sensibilidade do público. A película non molestaba ínta que se trataba dunha experiencia con tollos. Estaba ben realizada, pero non levou máis que a terceira mención de honor: medalla de prata, diploma e 10.000 pesetas, así coma o premio ó mellor guión. Non resultaba mellor que a de Perla Lich, a pesar de estar rodada con todo un equipo, cabe supoñer que dabondo profesionalizado, pois contaba con iluminador, montadores, foto fixa, maquilaxe, compaxinación musical, asistentes de producción, director de fotografía, axudantes de dirección, intérpretes (os pacientes internos), auxiliares e difusión.

-Modesto López, un lugués de 26 anos con 22 de estadía na Arxentina; concorría ca súa primeira película “Venturas y desventuras de Tuiti”, rodada con super-8 e nada menos que 180 metros (25 minutos). Realizada polo Grupo de Teatro Encuentro, pretendía atopar as diferencias interpretativas entre o actor de cine e mailo de teatro, polo demais xa moi sabidas, pero que o grupo articula en Tuiti, un rapaz que trata de vivir canto sinte e non canto a sociedade lle impón.

-José Barbosa, portugués que concorría ca película “Domingo de agosto”, rodada en 8 mm, cor e cunha duración de 12 minutos; o autor xa fora premiado no noso IV festival co premio á mellor fotografía en cor. A que agora presentaba, un documental sobre a vida nunha praia un domingo de agosto, mereceu unha mención de honra e un diploma. Sen embargo, Barbosa tiña mellores cousas, galardonadas en moitos festivais e unha, “Setembro” da que a firma xaponesa “Fuji” fixo copias para distribuir por todo o mundo coma propaganda da casa. É decir, tratábase dun aficionado de calidade, se ben en Lugo non tivo sorte. “Domingo de agosto” fora premiada en Mozambique, Londres, Oporto, Estoril, Aveiro, Torres Novas, Setubal, Nova York, Newark (USA) e Lisboa.

-Vasco Branco, o que manda “Todos os días o crucificamos”, rodada en 8 mm, cor e con 11 minutos de duración. Recibiu o coarto premio: medalla de prata, diploma e 5.000 pesetas, e o premio á mellor montaxe: Trátase dunha película de montaxe que fai referencia ó pouco eco da mensaxe de Cristo. No mundo todo é miseria, vanidade, boato, gue-

rra e incomprendión... A Idea era boa e case tan vella coma o cine, xa que se pode decir que nace ca “Intolerancia”, de Griffith, pero tampouco nesta ocasión pasou dun intento.

-Juan Francisco Lasa e Jordi Vall Escrivu, que concorriron co “El último pionero”, que mereceu o quinto premio (madalla de prata, diploma e 5.000 pesetas). Dábase o caso de que Lasa xa estivera en Lugo de xurado durante o IV festival, que foi o primeiro internacional.

-Ulises López-Sarry Moreno, o que concurre con “O home e a vaca”, que recibe o premio á mellor realización dun aficionado lucense, e á mellor banda sonora.

Como na mente da xente ainda residía a crencia de que este era un festival familiar, houbo que contar cun premio para a mellor película de temas infantís, moi difícil de outorgar porque estaba sen definir e o enunciado resultaba moi ambiguo. Con todo, déuselle para quem estaba pensado porque sempre traballaba con nenos: Antonio Murado Aguiar, pola súa película “Luceiro”. O premio consistía nun diploma e nas citadas películas yugoslavas “Ceremonija” e Muha”.

CONSOLIDACIÓN

A estas alturas o festival estaba consolidado; podía varia-lo número das películas e a calidade das mesmas, pero era certo que o Festival de Cine Aficionado do “Círculo de las Artes” de Lugo era coñecido e respetado en toda España, Europa e nalgúns países de América. Só nos faltaba pormos en contacto cos Estados Unidos e mais Alemania –Canadá prometera concurriar ó ano seguinte–, irmos pensando en limita-lo número de proxeccións e dotalo dun presupuesto, pois non podía seguir como hasta daquela, é decir, pendente de subvencións. Tiña que ter un presuposto acorde ca súa categoría, unha estructuración e unha organización, e mesmo matimabamos en facer dous festivais paralelos, un en 8 e super-8 e outro para filmes en 16, aproveitando as películas fin de carreira das Escolas de Cine, e porque realmente non era o mesmo traballar con este paso que cos dous anteriores. O de facer un festival con películas de 16 mm, totalmente aberto, era un vello proxecto do “Cineforum”, que houbo que pospoñer porque Carlos Ardisana, presidente da sociedade, quería con razon partir xa dun presuposto e non andar a pedir premios polos comercios, pero non atopou financiación. Este proxecto recollémolo no “Valle-Inclán”, pero tamén o tivemos que abandonar pola mesma razón, como tamén por non contar cos “homiños” de Lugo fracasaron as xestións de Julio Ulloa, presidente do Valle-Inclán, co alcalde para batizar á actual praza dos “Fillos de Antón de Marcos” coma “Praza de Valle-Inclán”, e colocar nela o busto que do escritor tiña feito Corredoira. Alvaro Gil, o incomprendiblemente esquecido mecenas lugués, propietario do busto, estaba disposto a vacialo en bronce e donalo para ese cometido. Pero deixemos estas cousas e sigamos co cine.

Para nós o festival do 1972, e deci-lo VI sería o último no que participabamos, entre outras cousas, porque comenzabamos a ter problemas laborais debido a que tiñamos que perder unha noite de traballo. Sempre fora o mesmo, pero este ano –índa hoxe non sabemos porqué, quizais por ciumes– non a podía perder, despois de térmese dito que sí. Por esta razón a cea de gala na que se entregaban os premios estivo a piques de se converter nun fiasco porque o artista invitado, Antonio Casas, home moi agradable e simpático onde os houbera que disfrutaba “tasqueando” pola rúa da Crus e a Ruanova,

estaba disposto a non acudir a ela se nós non íamos, xa que lle resultaba difícil de entender que o director e tamén membro do xurado o tivera que deixar todo logo destar autorizado a participar. Epifanio Ramos chamoume por teléfono desde o Círculo un chisco alarmado porque se retrasaba o artista invitado, pero para entón xa calmáramos ó Casas, o que acudiu á cea dabondo cabreado e con tan mala sorte que o sentan na mesa presidencial de costas ó público, el que era un actor e o que quería era publicidade. O erro foi axiña subsanado. O día seguinte, na compañía do membro do xurado Juan Antonio Porto, fumos todos tres ver ó presidente da Deputación porque ámbolos dous amigos - Casas e Porto- pretendían rodar un documental sobre Lugo e precisaban financiación. De la Torre prometeullest studia-lo asunto, pero o documental non se fixo.

Por outra banda un comenzaba a estar canso da organización, dos consellos e mais das críticas interesadas, de todo ese inframundo que acompaña toda xestión pública que outros cobizan. O mellor era que o festival pasase a outras mans. E así foi, pero non tivemos necesidade de dimitir porque como tamén se marchaba a xunta directiva a que a sustituira, se seguía co festival, chamaría a outra xente, como así foi.

Neste VI festival premiouse de novo a Rolf Mandolessi e o resto dos premios, agás o da mellor dirección, banda sonora e fotografía en branco e negro que tamén foron para o italiano, recibíronos os cataláns⁷.

NOVA ESTRUCTURA E NOVO FESTIVAL

O VII festival, correspondente ó ano 1973, significou un cambeo total na maneira de entende-lo certame como correspondía ás ideas da nova directiva do Círculo, e ós novos responsables daquel, principalmente a “Agrupación Fotográfica Lucense”, pertencente á Obra Sindical de Educación e Descanso e, ínta que para ser membro desta agrupación non se precisaba ser sindicalista nin de Falanxe, non cabe dúbida de que a independencia do festival quedaba un chisco tocada, e nos criterios de valoración ía decidir moito a fotografía. Con todo empezou con bo pe porque puideron traguer tres membros do xurado de fora: dous cataláns e un coruñés, representantes das dúas “cinematografías” más concurrentes ó festival. Tamén temos que suliñar que se lle deu un matiz más populista, o que probablemente fora benfeitoso porque no fondo era o que querían moitas persoas que debecían por se comprometer co festival. Dos premiados desaparece Rolf Mandolessi, o que soamente acada o premio á mellor montaxe pola súa película “Politiade”, da que a prensa *-El Progreso* do 25-IX-73 decía, entre outras cousas:

“(...) En resumen, se trata de un ejemplo de cine puro, perfecto y nuevo en su estilo, alarde de técnica, arte e imaginación(...).”

⁷ Premio extraordinario: “Muralla de Oro” e 30.000 pesetas”: “Pesci grossi e pesci piccoli”, de Rolf Mandolessi (Italia); primeiro premio (medalla de prata e 20.000 pesetas) “Alarma perill de pau”, de Jorge Tomás Freixa (Tarrasa); segundo premio (medalla de prata e 15.000 pesetas) “Diálogos para una horca”, de Rafael Marco Tejada (Barcelona); terceiro premio (medalla de prata e 10.000 pesetas) “Barcelona show”, de Carlos Barba (Tarrasa); premio á mellor interpretación á protagonista feminina de “360 mi amor”, de José A. Bori e Tomás Garriga; premio á mellor fotografía en cor “Barcelona show”; en branco e negro, “Pesci grossi...”; premio á mellor montaxe “diálogos...”; premio ó mellor guión, “Una vida por otra”, de Isidro Novellas (Barcelona); premio á mellor dirección, Rolf Mandolessi; premio á mellor película dun aficionado lugués (medalla de prata e 5.000 pesetas), ex-aequo para “A volta”, de Sarry, e “L.R.I.” de José M. Martínez Sarceda. Declarouse deserto o apartado da mellor película de tema galego en lingua galega.

A “Muralla de Oro” foi para o tamén italiano -e coñecido xa do festival- Fernando Bertuzzi, pola película “Está muriendo la ciudad de los mil colores”. O documental estaba sobriamente realizado -desde noso punto de vista, claro-, pero cunha impresionante fotografía que había impactar nun xurado que coidaba que a fotografía era o máis importante do cine, e Venecia a cidade máis fermosa. Este festival significou o triunfo do médico Murado Aguiar ca película “El relevo”, que obtivo o premio á mellor película dun aficionado lugrés que, sen ser de gran calidade, demostraba que o festival prendera na afición luguesa. O filme estaba interpretado polos fillos do autor e nel dous ou tres pequenos descobren na noite do cinco ó seis de xaneiro o segredo dos reis, o que lles produce desilusión. Pero, cando o máis pequeno chega todo radiante a recolle-lo seu regalo, os maiores esquecen o problema e constitúense no “relevo” para mante-la ilusión. O argumento, máis que bo era emotivo, pero a emoción non aparecía na película. O premio para o mellor tema galego concedéuselle a Salvador Ríos González, do Ferrol, pola súa película “La carta”, na que se mostraban escenas da vida en Galicia tomando coma pretesto a carta dun emigrante residente na Arxentina a súa nai. Entre outros defecitos, tiña un dos propios de todo aficionado que ínta non aprendeu a contar ca cámara: cando atopa unha vista que lle gusta non ergue o dedo do gatillo. A moitos non lles entra ba nin lles entra na cabeza que sendo o soporte do cine, a fotografía non é cine.

A novidade deste festival radicou na presentación dun filme que duraba 75 minutos, “Un tal Luis Costa”, de Luis Martínez Otero. Tratábase dun intento encomiable, pero fallido que viña demostra-lo difícil que resulta facer cine –e sobre todo cine sonoro– non soamente polo que atinxo á rodaxe, senón á montaxe para acada-lo acoplamento perfeito imaxe-son. A linguaxe cinematográfica, a pesar do seu aquel sinxelo, ten unha indudable dificultade porque hai que “escribir” pensando na montaxe. O que se quere narrar divídese en plans que, ó fin, temos que recompoñer seguindo un orde, colocando o plan onde lle corresponde e valorando temporalmente cada un deles; é decir, aplicándolle unha montaxe. Martínez Otero pegou uns plans a outros e nada máis, acadando un relato sen ritmo, sen vigor, sen emoción⁸.

Con todo o máis importante para Lugo estaba na proliferación de festivais e de meras proxeccións de películas con motivos tan prosaicos coma recadar cartos para excursións fin de curso.

No VIII festival (1974) reaparece Rolf Mandolessi ca forza que lle correspondía coma o autor con más sensibilidade de cantos concorriron a noso certame. A película presentada foi “USA flashes”, un espléndido documental sobre Nova York⁹.

⁸ O resto das películas premiadas foron: “El afilador”, de Diego García Ridán (Cataluña), que recibiu o primeiro premio (muralla de prata e 15.000 pesetas) “La huella”, de Vicente Ferrandiz (Cataluña), segundo premio (mdalla de prata e 10.000 pesetas); terceiro, “Devoçao”, de Victor Laranjeira (Portugal). Os outros galardóns foron para García Ridán (mellor realización); mellor interpretación para o protagonista de “Eccomi”, de Massimo Martinotti (Italia), e mellor interpretación infantil a “Preso de Jone”, de Rafael Bordoy (Mallorca); mellor fotografía en cor “Viernes Santo en Bercianos de Ariste”, de Marino F. Lorenzo (Zamora); mellor fotografía en branco e negro, “Eccomi”; mellor bando sonora, “Está muriendo la...”; mellor guión, “...y Munich era una fiesta”, de Carlos Barba (Cataluña); mellor película de tema galego (segundo premio) para “O noso río”, de Rafael Luca de Tena (Vigo).

⁹ O primeiro premio foi para Enrique Anglada (Barcelona) por “El gran vacío”; o segundo para Ali Soussi (Francia), por “Punto muerto”; o mellor filme de fantasía foi “Protesta show”, de Fermín e Francisco Vallejo (Sevilla); o segundo para “Metrópoli”, de José María Carrera (Madrid). O mellor documental, “Un mundo desconocido”, de Fernando Bertuzzi (Italia); o segundo para “¿Esto es devoción?”, de Enrique Montón (Barcelona); mellor interpretación ó protagonista de “El gran vacío”; premio ó mellor tema galego, “A morte do mariscal”, de Enrique Rodríguez Baixeras (A Coruña); segundo “A rapa das bestas”, de Salvador Ríos (Ferrol); mellor realización dun aficionado lugrés, “Homes e bestas”, do grupo lucense “Cine VIII”; mellor interpretación en tema galego os intérpretes de “Con el sudor de tu frente”, de Salvador Ríos.

Pouco máis podemos decir dun festival no que se proxectaron perto de 230 películas, se ven algunas delas repetíronse en varias convocatorias; e que estaba tocando a seu fin. No 1975, como xa dixemos, non se pode celebrar o IX festival e hai que agardar dous anos (1976 e 1977), para que a entidade convocante, asesorada agora polo grupo “Fonmiñá”, convocara no 1978 o X festival e finalmente no 1979 o XI ámbolos dous de carácter nacional¹⁰. A pesar de que neste último ano, a noso xuizo con bo criterio, se elevase a cuantía do premio á mellor película de tema galego, o concurso agonizaba. Como ningunha das películas presentadas tiña calidade suficiente, houbo que deixar desertos premios á mellor película de tema galego e á mellor película dun lugués, eso que o primeiro era unha muralla de ouro e 25.000 pesetas. Coido que neste houbo un desfase entre a organización do festival e a realidade do cine que se facía en Galicia. Agás Valiente Ros e os lugueses Balboa, Sarry e Ramos, o resto dos cineastas aficionados eran francamente mediocres. Establecer un premio da cuantía do sinalado para a mellor película de tema galego resultaba absurdo, contando que ata entón tódolos de fóra que se presentaran a este apartado eran galegos emigrados. E deixar deserto un premio sempre é moi perigoso. Con todo, o festival morría non xa porque en Galicia non houbera cineastas de calidade –o festival estaba aberto a toda España– nin tampouco era cuestión de cartos, ou mellor, de premios, morría porque, entre outras cousas cumprira seu curso, porque xa non interesaba a ninguén. Faltou nos que o coleron no 1973 o pulo necesario para lle da-la dimensión precisa e que os lugueses demandaban, faltou a capacidade necesaria para sacalo da súa dimensión de pobo na que os premios eran donados por casas comerciais ou por entidades –como se facía no século XIX– para pasar a un certame moderno, dotado dun presuposto, un libro-programa sobre das películas e datos biográficos dos autores, unha más rigurosa selección e unha mellor organización das proxeccións e, desde logo, mante-lo seu carácter de nacional ou internacional e non andar dando brincos, ademais de entrega-los premios que se anunciaban porque a calidade dos festivais nunca é constante e sempre haberá que premiar o mellor do que hai¹¹. En realidade na entidade convocante faltou interés por darrle a dimensión axeitada, ou

¹⁰ No décimo festival foron premiadas “Silvio”, de Juan Company (Barcelona), premio extraordinario; mellor filme de fantasía “Requiem por una gaviota”, de Ignacio Pardo Pedrosa (Lugo); mellor película argumental, “A fouce esquecida”, de Benjamín Rey Fernández (Cambados); mellor documental, “¿Pueden comprarse los milagros?”, de Enrique Montón Ciuret (Barcelona); mellor guión, “Silvio”; mellor fotografía, “Requiem por...”; mellor dirección, “Silvio”; mellor película de tema galego, “Corpus Christi” de Rey Fernández; mellor aficionado lucense, “Requiem por...”; mencións especiais a “Os paxaros morren no aire”, do equipo “Rula” (Coruña); “Mateo”, de Francisco Rodríguez Canto (Lugo); “Las Tablas de Daimiel”, de Serret Puig (Barcelona), e “La excursión”, de Rafael Girón (Málaga). No 1979, premio extraordinario “A meus queridos pais que me estarán escoitando”, de Javier Vilaverde (Coruña); mellor película argumental, “El hueso”, de Edwin Duces Simpson (Bilbao); mellor película de fantasía. “El jardín del edén”, de Martín Manuel (Cáceres); mellor documental, “Gaudeamus igitur”, de Alfonso Vallejo Querejeta (Bilbao); mellor guión, “Eduardo Valdés”, de Humberto Esquivel (Madrid); mellor dirección, “Aos meus...”; mención especial de tema galego exaequo “Paixón e morte de Bóveda”, de Carlos Fernández Santander (Coruña), e “O leite”, de Jesús Méndez (Vilagarcía).

¹¹ Ademais da Deputación Provincial e maila comisión de festas contribuiron no festival, entre outros, a Caja de Ahorros de La Coruña y Lugo (actual Caixa Galicia), R.T.R., “Gallega de piensos, S.A.”, “Portón do Recanto”. F.R.I.G.S.A., “Fotografía Josbe”, “Estudio Juan José”, “Estudio Sarry”, “Foto Barreiro”, “Establecimientos Saba”, “Bazar Galicia”, “Bazar Los Chicos”, “Librería Balmes”. “Hijos de Demetrio Alvarez”, “Stilo”, “Ponciano Parga”, “Antonio Penedo”, “Radio Lugo”, “Radio Popular”, “Empresa Montaña”, “Garaje Villares”, “Academia Alvarellos”, “Policlínico La Milagrosa”, “Café Bar Celta”, “Armería Bourio”, “Club Cultural-Valle-Inclán...”

quizais a culpa foi dos que o mantivemos ata 1972 por non lle dar carácter oficial –que nin se intentou– por non privar ó “Círculo” dunha actividade que nacera nel. Pero algo quedaba para sempre, a capacidade luguesa por achega-la cultura, e que o “Círculo de las Artes” podía asumir esa capacidade.

PROXECCIÓNNS

Realmente descoñécese o número de películas presentadas, sobre todo ós primeiros festivais porque non todas están rexistradas nos papeis. Aquelas das que temos constancia foron:

1967 (proxeccións do 26 de setembro ó 2 de outubro)

Das películas enviadas seleccionaron 45, e temos referencia de: “Refracción psíquica. La guerra”, de Suárez de Frutos (Vigo); “El cementerio marino”, de Tudela y Guerrero (A Coruña); “Microdesfile”, de Valiente Ros (A Coruña); “La gruta mágica”, de Valiente Ros (A Coruña); “El infierno de Dante” y “Magnificat”, de Joan Serra e Andreu Sitjà (Barcelona); “La guerra”, de Isidro Novellas (Barcelona); “¡Un caballo！”, de José Puig (Girona); “Un negro billete verde”, “Alto Llobregat”, “El festival”, de José Díaz-Noriega (A Coruña); “La mariposa”, de Ramos, Sarry y Balboa (Lugo); “Sa Simia”, de Orestes Pérez Quiñones (Mallorca); “Elegía”, de Blom Dahl Andersen (Valencia); “O meco e as pampónigas”, de Ramos, Sarry e Balboa (Lugo); “La fragua”, “La voz del pantano”, “Cartagena y su Semana Santa”, “Bosques de Galicia”, de Camarero, Dabla e Ruiz (A Coruña); “Nosotros y las manzanas”, de Juan Pruna (Mataró); “El cine amateur”, de José Díaz-Noriega y Ruiz (A Coruña); “Boda maragata”.

1968 (proxeccións do 16 ó 26 de setembro)

“La gaita gallega, su artesanía”, de Docampo García (A Coruña); “Esto no es España”, de Domínguez Durá (A Coruña); “La visita de Neptuno”, “Lotería”, “XIX Campeonatos C.I.S.M. 1964” e “Alvedro”, todas elas de J. Santiso (Coruña); “Hórreos asturianos”, de Valiente Ros (A Coruña); “En las orillas del Atlántico”, de Rosario Vázquez (Vigo); “Tres etapas” e “Rapsodia gallega”, ámbalas dúas de Luca de Tena (Vigo); “Monasterio ruinoso” e “Crucigrama”, ámbalas dúas de Mario Llorente (Vigo); “Monedas del Imperio Romano”, “Un cierto día”, ámbalas dúas de Epifanio Ramos (Lugo). Fora de concurso exhibíronse: “Fiesta mágica”, de Epifanio Ramos, e catro de Fernández Paíño: “Puertomarín”, “Atraco imperfecto”, “Festival aéreo” e “Los gamberros”.

1969 (proxeccións do 18 ó 25 de setembro)

As películas referenciadas son as mesmas que as premiadas, ínta que sen dúbida tiveron que concurrir máis.

1970 (proxeccións do 15 ó 29 de setembro)

“Padrón”, de Fernández Santander (A Coruña); “El examen”, de Gregorio Fidalgo (Huelva); “Los andaluces”, de Domínguez Durá (A Coruña); “Petjades”, de López Fornas (Barcelona); “Un viaje a París”, de Arrondo Moro (Vigo); “Impacto”, de Rovira Roca (Barcelona); “Vibrant”, de Anglada Arboix (Barcelona); “Ruega gallega”,

de Pérez Quiñones (Lugo); "Infidelitat", de Anglada Arboix (Barcelona); "Fiat Lux", de Riera Nadal (Mallorca); "La dama", de Charo y J.M. Marruedo (S. Sebastián); "Obras", de López Formas (Barcelona); "Sol", de Anglada Arboix (Barcelona); "Bombyx mori", de Gregorio Fidalgo (Huelva); "Vacaciones 67", de Asuero López (Sevilla); "Paseo bajo los árboles de una ciudad", de Vall Escriú (Barcelona); "El inadaptado", de Ignacio Grau (Tarrasa); "Adios ríos, adios fontes", de Arrondo Moro (Vigo); "Item", de Vall Escriú (Barcelona); "Vivir del mar", de Llorente Romero (Vigo); "O xadrez", de Vasco Branco (Portugal); "El niño yuntero", de Santiago de Benito (Madrid); "Recuerdos", de Movarfesa (Lugo); "O zoqueiro", de Pérez Quiñones (Lugo); "La aventura", de Ignacio Grau (Tarrasa); "Saudade", de Luca de Tena (Vigo); "Climax", de Serra e Sitjà (Barcelona); "Concierto de domingo", de Luca de Tena (Vigo); "Silhuetas", de José Barbosa (Portugal); "La muñeca", de José A. Roger (Barcelona); "El Miño", de Amador Montenegro (Vigo); "Hong-Kong", de Marca Marca (Badalona); "Cena de guerra", de Bori y Garriga (Barcelona); "Sinfonía da cidade", de Francisco Bastos (Portugal); "El duende y el yunque", de Fernández Valdés (Albacete); "Un románico de pórticos", de Hernán y Santiago (Madrid); "Trianatón", de Marcó Tejada (Barcelona); "Irvos á merda", de Fernández Santander (A Coruña); "Protagonistas", de Murado Aguiar (Lugo); "Devoti", de Rolf Mandolessi (Italia); "Contadores de tiempo", de José Barbosa (Portugal); "la ciudad", de Fernández Santander (A Coruña); "Year 2004 something is different", de Ulises Sarry (Lugo); "Imágenes para Penderecki", de Riera Nadal (Baleares); "Rajada", de Vasco Branco (Portugal); "Don Palomo", de Juan Pruna (Mataró); "Desde Chenonceaux", de Marcó Tejada (Barcelona); "A-Z", de Romero Giménez y Mariano Moreno (Almería); "Miren eta ;ikel", de Gurruchaga y Camino (S. Sebastián); "Tabú", de Valiente Ros (A Coruña); "Fray", de Quijada González (Toledo); "Pórtico de Compostela", "Equipo 64" (Santiago); "Homes del tercer mon", de Andreu Sitjà (Esparraguera)

1971 (proxeccións do 24 ó 30 de setembro)

A única lista é a relación de películas premiadas

1972 (proxeccións a mediados de setembro)

"Las flores mueren en mayo", de Lorenzo Pujol (Girona); "Infidelitat", de Anglada Arboix (Barcelona); "La casualidad", de Modesto Giménez (Madrid); "Pesci grossi e pesci piccoli", de Rolf Mandolessi (Italia); "Mesturanza", de "Equipo Lupa" (Santiago); "Cuatro por cuatro", de "Equipo Lupa" (Santiago); "Muerte de un lobo", de Javier Gusi (Barcelona); "Neurosis", de Javier Sala (Olot); "Diálogos para una horca", de Marcó Tejada (Barcelona); "Entreteniment", de Geis Panés (Tarrasa); "Una vida por otra", de Isidro Novellas (Barcelona); "O xadrez", de Vasco Branco (Portugal); "Os pequenos pintores no castelo", de Barbosa (Portugal); "A red door closes", de Carlos Cid (Barcelona); "Visita sideral", de Blom Dahl Andersen (Valencia); "L.R.I.", de M. Sarceda y Sarceda López (Lugo); "Acrodina", de García Escudero (Barcelona); "Hilo de seda", de Quintana Dufour (Rentería); "Evasión", de Luis Irisarri Tejada (Irún); "Holocausto", de "Equipo Lupa" (Santiago); "El molino de papel", de Azcaroni Bonma (Madrid); "Serás hombre", de Torres Cuesta (Málaga); "Alarma, peril de pau", de Tomás Freixa (Tarrasa); "III Descenso Ibérico del Duero", de González Ramos (Zamora); "Segundo domingo de octubre", de Fernández Valdés (Albacete); "360 mi amor", de Bori y Garriga (Barcelona); "Relaciones públicas", de González Pertusa (Murcia); "Barcelona show", de Carlos Barba (Tarrasa);

“La mue”, de Ali Soussi (Francia); “Temoto”, de Ros e Ortúño (Cartagena); “La citá dai miller colori”, de Bertuzzi (Italia); “A volta”, de Ulises Sarry (Lugo).

1973 (proxeccións a partir do 24 de setembro)

“La mitad de un día”, de Vega Braña (Argentina); “Está muriendo la ciudad”, de Bertuzzi (Italia); “Punto muerto”, de Soussi (Francia); “Eccomi”, de Massimo Martinotti (Italia); “Viernes Santo”, de Lorenzo Vicente (Zamora); “Con mis ojos”, de Marcó Tejada (Barcelona); “La huella”, de Ferrandiz Santiveri (Barcelona); “Estigmas”, de Miguel Angel Materazzi (Argentina); “Los aprendices”, de Bori e Borrás (Barcelona); “L’Experience, de Bruno Tassan (Francia); “La fábula de la muerte” e “Eleonora”, de Medina Tartojada (Valencia); “Incomunicación, de Antonio Verdaguer (Tarrasa); “Aquel viejo molino”, de Peñalver Salgado (Cartagena); “Las mariposas”, de José R. Clemente (Madrid); “Vida salvaje”, de Pérez Quiñones (Mallorca); “El relevo”, de Murado Aguiar (Lugo); “El afilador”, de García Aridán (Palafrugell-Girona); “Os camiños galegos”, de García e Orobio (Barcelona); “Comuna tres”, de Fernández Villasante, (Toledo); “Homúnculo”, de Lorenzo Coello (Ourense); “Quiero vivir como yo mismo elija”, de J. Torregosa (Pamplona); “El ninot”, de Santiago Calderer (Barcelona); “Festival sobre el río”, de Jaime Campobadal (Canadá); “Balada de una peregrina”, de Charo e Marruedo (Irún); “La carta”, de Ríos González (Ferrol); “Dos frustraciones y un acierto” e “La escalada”, de Fernández Saavedra (A Coruña); “Preso de Jonc”, de Bordoy Valls Pollensa-Mallorca; “Grotesque show”, de Anglada Arboix (Barcelona); “Munich era una fiesta”, de Barba Masagué (Tarrasa); “Foie gras”, de Rodríguez Baixeras (A Coruña); “La única página del diario de Emmanuel” e “Decepción”, de Sarceda (Lugo); “Politiade”, de Rolf Mandolessi (Italia); “Obsesión”, de Lodeiro Cisneros (Ourense); “Geraçao 70”, de José Barbosa (Portugal); “Pneumaton”, de Juan Antonio Cadenas (Madrid); “Una flor”, de Jorge Amorós (Barcelona); “Soufle”, de Colomo Gómez (Madrid); “Devoçao”, de Victor Laranjeira (Restelo-Lisboa); “Un tal Luis Costa”, de Martínez Cortés (Pamplona); “O noso río”, de Luca de Tena (Vigo)

1974: (prox ecclóns do 25 de setembro ó 3 de outubro)

“A morte do mariscal”, de Rodríguez Baixeras (A Coruña); “Homes e touros”, de José Barbosa (Portugal); “Círculo de Satán”, de Marcó Tejada (Barcelona); “Con el sudor de su frente” e “A rapa das bestas”, de Ríos González (Ferrol); “USA flashes”, de Rolf Mandolessi (Italia); “Esto es devoción”, de Montón Claret (Barcelona); “Laureles marchitos”, de Ali Soussi (Francia); “Marea baja”, de Laza Martín (Las Arenas-Vizcaya); “Monasterio de Piedra”, de Lorenzo Vicente (Zamora); “Protesta show”, de Fermín y F. Valle (Sevilla); “Destino Tauro”, de J.R. Clemente (Madrid); “Hombres sin mundo”, de Lopo Reyes (Madrid); “En el corazón del otoño”, de Laza Martín (Vizcaya); “Turismo flotante”, e “Mundo subacuático”, de Portela Villasante (Cádiz); “Metrópoli”, de José María Carrero (Madrid); “Tierra de cobardes”, de Medina Tortajada (Valencia); “Un mundo desconocido”, de Bertuzzi (Italia); “Punto muerto”, de A. Soussi (Francia); “Esponsales con el mar”, de Portela Villasante (Cádiz); “Lembranzas da miña terra” de R. Sabugueiro (Arousa), “Planeta casi habitable”, de Medina Tortajada (Valencia); “Homes e bestas”, de “Grupo Cine Octavo” (Lugo); “Les different”, de Carlos Barba (Tarrasa).

1975 (Non temos relación das películas presentadas a concurso. No 1978 e 1979 só temos referencia das premiadas)

MEMBROS DO XURADO

- 1967:** José García Escudero (presidente de honra), Victoriano López y López (Madrid), Marino Dónega Rozas (A Coruña), Javier Pérez Pellón (Madrid), Celestino Fernández de la Vega, José Mouriz e Luis Rodríguez Rodríguez (todos tres de Lugo).
- 1968:** José Mouriz Rodríguez (Lugo), Ernesto Díaz-Noriega (A Coruña) e Luis Rodríguez Rodríguez (Lugo).
- 1969:** Juan José Rosón Pérez (presidente de honra); José Mouriz Rodríguez, Luis Rodríguez Rodríguez, José Luis Sanz Benito (Madrid).
- 1970:** Juan José Rosón (presidente de honra); Juan Francisco de Lasa (Barcelona), Amparo López López, José Mouriz Rodríguez, José Fouce Meilán, Luis Rodríguez Rodríguez (todos catro de Lugo).
- 1971:** José Mouriz Rodríguez, Luis Rodríguez Rodríguez, Valentín Roldán Real, Tomás Sanz, Juan Balboa. Todos eles de Lugo
- 1972:** Epifanio Ramos de Castro, Luis Rodríguez Rodríguez, Carlos Valcárcel Gay e Juan Antonio Porto Alonso (Madrid).
- 1973:** Francisco Gallego Morandeira, Juan María Gallego Tato, Jorge Rivera Gómez (os tres de Lugo); José Raventós Alcover (Barcelona), Enrique Sabater Ferrer (Barcelona) e Manuel Sanhernán (A Coruña)
- 1974:** José Raventós Alcover, Rafael Luca de Tena Lazo (Vigo), José María Torrabadella Monelús (Navarra) e Jorge Rivera Gómez.
- 1978:** Carlos Soler Viñas, Rafael Luca de Tena, Manuel Villaverde (Madrid), Tomás Paniagua e Jorge Rivera Gómez.
- 1979:** Fernando Calvo, José María Prado, Luis Alvarez Pousa, José Dávila, Julio Parga e Magín López Lobeiras

BIBLIOGRAFÍA

ARCHIVO DO CÍRCULO DE LAS ARTES

ARRIBAS ARIAS, FERNANDO: "O cine en Lugo. 1897-1997". Xerais, 1996

CORRESPONDENCIA PERSONAL

DIARIO "EL PROGRESO"

GARCÍA FERNÁNDEZ, EMILIO CARLOS: "Historia del cine en Galicia(1896-1984)". "La Voz de Galicia", 1985



Vista xeral da fachada do “Círculo de las Artes”, en 1912. Hoxe consérvase tal cual.



Premio extraordinario “Muralla de Oro”